



**FEDERACIÓN GALEGA**  
**DE CONFRARÍAS DE PESCADORES**

Rúa Palmeiras, nave 84 - A1 15895 Novo Milladoiro Ames (A Coruña)  
Telf. 0034 981 94 17 75 - Fax. 0034 981 94 17 56  
confrariasgalicia@confrariasgalicia.org - www.confrariasgalicia.org

INFORME de XESTIÓN

**2015**

**INFORME de XESTIÓN - Federación Galega Confrarías de Pescadores**  
**EXERCICIO ECONÓMICO 2015**  
**Avance do 1-xaneiro-2016 a 30-abril-2016**

**XUNTA XERAL**  
**xuño 2016**

# INFORME DE XESTIÓN 2015

## I. INFORME SECTORIAL e de NOVIDADES NORMATIVAS.

- a. ADMINISTRACIÓN COMUNITARIA
- b. ADMINISTRACIÓN ESPAÑOLA
- c. ADMINISTRACIÓN GALEGA
- d. NORMATIVA APROBADA A INSTANCIA DA FED. GALEGA (PLAN do XEITO)

## II. INFORME das XESTIÓNS ADMINISTRATIVAS da FEDERACIÓN GALEGA.

- a. A ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA
- b. REUNIÓNS DOS ÓRGANOS REITORES E ACORDOS DA FED. GALEGA
- c. OUTRAS REUNIÓNS
- d. OUTRAS ACTUACIÓNS DESTACADAS: RENOVACIÓN IMAXE CORPORATIVA, NOVO MATERIAL DIVULGATIVO, MELLORA DAS INSTALACIÓNS, NOVA WEB, XORNADA FORMATIVA SECRETARIOS, ...

## III. ÓRGANOS CONSULTIVOS e XESTIÓN de PROXECTOS.

- a. ORGANOS CONSULTIVOS
- b. PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS TRANSNACIONAIS
- c. PLAN DE ACCIÓN NO MARISQUEO
- d. OUTRAS ACTUACIÓNS

## I. INFORME SECTORIAL e NORMATIVO.

Neste primeiro bloque enumeramos os aspectos sectoriais máis relevantes así como a normativa aprobada no ano, facendo a súa clasificación segundo a Administración Pública de onde procede: ámbito comunitario, nacional ou da comunidade autónoma.

### a. ADMINISTRACIÓN COMUNITARIA

O período 2014-2020 estará condicionado pola aprobación da reforma da Política Pesqueira Común (PPC) en decembro de 2013 que entrou en vigor o 1-xaneiro-2014, e que se basea en 3 Regulamentos básicos para o período, aprobados polo Parlamento Europeo e o Consello:

- 1- Regulamento (UE) 1379/2013, que regula a Organización Común de Mercados (OCM) no sector dos produtos da pesca e acuicultura,
- 2- Regulamento (UE) 1380/2013, sobre a Política Pesqueira Común (PPC),
- 3- Regulamento (UE) 508/2014, relativo ó Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP)

Ó longo do exercicio 2015 destacamos a aprobación das seguintes normativas:

#### i. Desenvolvemento da Política Pesqueira Común (PPC)

A aprobación da Política Pesqueira Común no Regulamento (UE) 1380/2013 como norma básica introduciu novidades, o que fai necesario aprobar unha serie de normativa de desenvolvemento. Aínda que a principal novidade é a obriga de desembarque en porto de tódalas capturas tratando de evitar gradualmente os descartes, tamén existen outras, das que destacamos...

-Regulamento Omnibús. A fin de que se aplique a obriga de desembarque, e para evitar actividades paralelas dedicadas especificamente á captura de organismos mariños de talla inferior á talla mínima de referencia a efectos de conservación, no ano 2015 foi publicado o *Regulamento (UE) 2015/812 do Parlamento e do Consello de 20-maio-2015*.

-Creación de novos consellos consultivos. *Regulamento delegado (UE) 2015/242 da Comisión de 9-octubre-2014* polo que se establecen normas detalladas de funcionamento dos consellos consultivos en virtude da política pesqueira común.

-Seguridade xurídica na execución dos programas operativos. A fin de proporcionar seguridade xurídica aos Estados Membros na execución dos programas operativos no marco do FEMP, considerouse necesario definir os casos de incumprimento das normas da PPC esenciais para a conservación dos recursos biolóxicos mariños que poden dar lugar á interrupción do prazo para o pago ou á suspensión dos pagos de conformidade co Regulamento (UE) 508/2014. Por esta razón foi publicado o *Regulamento delegado (UE) 2015/852 da Comisión de 27-marzo-2015 que complementa o Regulamento (UE) 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello*, no que respecta aos casos de incumprimento e de incumprimento grave das normas da PPC que poden dar lugar á interrupción do prazo para o pago ou á suspensión dos pagos ao amparo do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.

-Melloras de seguridade e saúde laboral. A actividade pesqueira segue sendo un dos traballos máis perigosos da Unión, con un número significativo de accidentes nos buques de pesca artesanal. O Regulamento (UE) 508/2014 prevé a financiación de determinadas inversións para mellora-la hixiene, a saúde, a seguridade e as condicións de traballo dos pescadores, sempre que vaian máis aló dos requisitos establecidos na normativa da Unión e na lexislación nacional. Así, publicouse o *Regulamento delegado (UE) 2015/531 da Comisión de 24-novembro-2014 polo que se complementa o Regulamento (UE) 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello*, determinando que custes poden optar á financiación do FEMP para mellora-la hixiene, a saúde, a seguridade e as condicións de traballo dos pescadores, protexer e recupera-la biodiversidade e os ecosistemas mariños, mitigar o cambio climático, e aumentar a eficiencia enerxética dos buques pesqueiros.

## **ii. Regulamento do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP)**

A aprobación do Regulamento relativo ó FEMP e as medidas financeiras anexas son para acadar os obxectivos económicos previstos na reforma da Política Pesqueira Común. Está dotado de 6.396.607.000 euros totais, dos cales 647.275.400 serán de xestión directa da Comisión e 5.749.331.600 terán xestión compartida entre os Estados e a Comisión.

O 16-febreiro-2015 España presentou á Comisión Europea o "Programa Operativo para España do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca" a efectos da concesión de axudas do FEMP. O Programa contribúe á estratexia para un crecemento intelixente, sostible e integrador e á consecución dos obxectivos seleccionados e ás prioridades da Unión.

Dito "Programa Operativo" foi aprobado mediante a *Decisión de Execución da Comisión de 13-novembro-2015 pola que se aproba o "Programa Operativo para España del Fondo Europeo Marítimo y de Pesca" a efectos da concesión de axudas do FEMP en España*. Os gastos aboados serán admisibles dende o 1-xaneiro-2014 ata o 31-decembro-2023. A contribución máxima do FEMP para o período comprendido entre 2014 e 2020 será de 1.161.620.889 euros.

## **iii. Regulamentos de TACs e CUOTAS para 2015 (e avance 2016)**

As posibilidades de pesca anuais de determinadas poboacións de peixes nas augas da UE, e tamén para determinados buques da Unión en augas non pertencentes á Unión régulanse mediante os Regulamentos de TACs e cuotas e outras medidas técnicas.

Para 2015 aprobouse inicialmente o Regulamento (UE) 104/2015 do Consello de 19-xaneiro que establece as posibilidades de pesca para 2015. Logo tamén foi publicado o Regulamento de execución (UE) 2015/1999 da Comisión de 9-novembro-2015 que modifica o Regulamento (UE) 165/2011 polo que se reducen cotas de cabala asignadas a España para 2011 e anos seguintes debido á sobrepesca practicada no 2010.

No presente 2016 foi publicado o Regulamento (UE) 72/2016 de 22-xaneiro, que establece as posibilidades de pesca para 2016, así como unha modificación do mesmo, o Regulamento (UE) 458/2016 de 30 de marzo.

## **iv. Regulamento sobre o plan de descartes (nº 1394/2014)**

Inicialmente a Comisión aprobou o Regulamento delegado 1394/2014 (20-outubro) que establece un plan de descartes para determinadas pesqueiras peláxicas nas augas suroccidentais. No 2015 aprobáronse outros Regulamentos sobre descartes:

-O *Regulamento delegado (UE) 2015/2439 da Comisión de 12-outubro-2015 polo que se establece un plan de descartes para determinadas pesquerías peláxicas nas augas suroccidentais*, especifica as condicións de aplicación da obriga de desembarque prevista no artigo 15 do Regulamento (UE) 1380/2013.

-O Regulamento delegado (UE) 2015/2438 da Comisión de 12-octubre-2015 polo que se establece un plan de descartes para determinadas pesquerías demersais en augas noroccidentais, especifica as condicións de aplicación da obriga de desembarque prevista no artigo 15, do Regulamento (UE) 1380/2013.

#### **v. Regulamento sobre pesca ilegal (INDNR)**

Aprobouse o Regulamento de execución (UE) 2015/1296 da Comisión de 28-xullo-2015 polo que se modifica o Regulamento (UE) no 468/2010 polo que se establece a lista da UE dos buques que practican unha pesca ilegal, non declarada e non regulamentada.

#### **vi. Regulamento sobre as obrigas internacionais da UE**

Trátase do Regulamento delegado 98/2015 e consiste na aplicación das obrigas internacionais da UE, tal e como se prevé no artigo 15.2 do Regulamento 1380/2013 (PPC) e no marco do Convenio Internacional para a Conservación do Atún do Atlántico e no Convenio sobre a futura cooperación multilateral nos caladoiros do Atlant. Noroccidental.

#### **vii. Estado doutros proxectos de Regulamentos pendentes de aprobar**

Destacamos, pola súa importancia, os seguintes proxectos:

##### **1-Retirada da proposta de Regulamento que prohíbe a pesca con redes de deriva**

Tralo debate aberto e a non consecución dos apoios necesarios no Parlamento, esta proposta da Comisión Europea que prohibía a pesca con redes de deriva e modificaba varios Regulamentos foi retirada. A Federación Galega presentou varias alegacións contra a prohibición do arte do xeito, baseadas en que era un arte de pesca tradicional con escaso impacto na especie, e que estaba regulada no decreto de artes de Galicia. Posteriormente conseguimos que se aprobara por unanimidade un ditame no ámbito do CC Sur (Portugal, España, Francia e Bélxica) para trasladar á Comisión no que se pedía a exclusión do xeito desa prohibición, considerada desproporcionada. Por último, este acordo foi presentado en Vigo ó Director de Asuntos Pesqueiros do Atlántico da DG Mare, Bernhard Friess.

##### **2-Nova proposta de medidas técnicas**

Actualmente está en tramitación a nova “Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre a conservación dos recursos pesqueiros e a protección dos ecosistemas mariños con medidas técnicas”. A Federación Galega participa no grupo de traballo nomeado no Consello Galego de Pesca para o estudo das alegacións necesarias a esta proposta, que xa foron presentadas.

...

### **b. ADMINISTRACIÓN ESPAÑOLA**

O máis destacable da Administración Xeral do Estado é a publicación do nova Orden AAA/2534/2015, de 17-novembro, pola que se establece un Plan de xestión para os buques dos censos de Caladoiro Nacional do Cantábrico e Noroeste, publicado no BOE o 30-novembro-2015, pola súa influencia na flota galega e nas distintas especies e modalidades de pesca, e por substituír á anterior Orde que fora recurrida e anulada xudicialmente.

#### **i. Plan de xestión no caladoiro Cantábrico e Noroeste**

A Orde AAA/2534/2015 regula as pesqueiras do caladoiro Cantábrico-Noroeste e a distribución das posibilidades de pesca asignadas a España dentro das zonas CIEM VIIIc e IXa , así como o xurel para a modalidade de cerco na zona VIIIb. As modalidades de pesca a

quen se aplica esta orde son: arrastre de fondo, volanta, rasco, palangre de fondo, cerco e artes menores. As especies reguladas son aquelas sometidas ó réxime de TACs e cuotas: rape (*Lophiidae spp*), xurel (*Trachurus spp*), merluza (*Merluccius merluccius*), gallos (*Lepidorhombus spp*), bacaladilla (*Micromesistius poutassou*), cigala (*Nephrops norvegicus*), anchoa IXa (*Engraulis encrasicolus*) e cabala (*Scomber scombrus*).

En canto ós principais criterios de reparto das posibilidades de pesca recollidas na Orde, a modalidade de arrastre ten cotas individuais (e transferibles) para estas especies, mentres que para todo o resto de modalidades de pesca a xestión será conxunta (rasco, volanta, palangre de fondo, cerco e artes menores). A principal excepción é que para a merluza (sólo) as modalidades de volanta e palangre de fondo tamén son individuais.

O cerco ten asignadas cotas individuais (pero non transferibles) para a cabala e o xurelo, aínda que poden optar por facer a xestión de forma conxunta ou individual. Cada ano publícanse as resolucións da Secretaría General de Pesca pola que se publican as cotas de cabala e xurelo individuais para os buques do censo de cerco para ese ano. As flotas de outras artes distintas de cerco e arrastre teñen as posibilidades de pesca da cabala e xurelo asignadas por cotas provinciais e a xestión é obrigatoriamente conxunta. As aperturas e peches da cabala son mediante resolución da SEGEPESCA, existindo unha diferenciación nos topes de pesca segundo sexa campaña de pesca dirixida (por tripulante e día) e/ou accidental (fixo por barco e semana).

No caso da anchoa a xestión é conxunta e só está permitida para o cerco. Cada ano o Regulamento do Consejo publica o TAC dispoñible para o Golfo de Biscaia a repartir entre as flotas de España e Francia. Posteriormente régulase mediante Resolución do SEGEPESCA e establécense as medidas de inspección e control. No 2015 foi o primeiro con nova regra de explotación e o calendario pasou a ser de ano natural, non dende 1-xullo a 30-xuño como en anos anteriores.

En canto á sardiña ibérica, e tendo en conta o mal estado do recurso, os Estados de España e Portugal acordaron medidas de limitación e control para evitar que a Comisión implantase un TAC. Logo, SEGEPESCA e o sector acordaron un tope das posibilidades de pesca con 1.000 Tn/mes e un reparto nun 60-40% (entre CNW e Golfo Cádiz) e no caso do CNW, cuns topes de capturas semanais de 3.000 kgs/barco, así como unha veda de 3 meses (decembro a febreiro). Aprobouse a Orde AAA/1/2015 de 7-xaneiro que modificou a Orde AAA/1512/2014 que establecía un plan de xestión para a sardiña (*Sardina pilchardus*) das augas ibéricas (VIIIc e IXa). Tamén se aprobaron diversas resolucións do Secretario General de Pesca para a ordenación da pesqueira. O longo do ano fíxose un seguimento do nivel de capturas entre España e Portugal para non sobrepasar os topes fixados.

No 2016 foron anunciados varios recursos xudiciais contencioso administrativos contra esta orde polas asociacións do arrastre, do cerco e do goberno da CCAA de Asturias. A anterior orde do 2013 tamén fora recurrida e anulada pola Audiencia Nacional ó atopar que faltaba o trámite da audiencia ó Consello de Estado, pero aínda non se pronunciou o Tribunal Supremo no contido da norma, en moitos aspectos repetidos na nova norma.

...

## ii. Lei da protección social dos traballadores do mar

O Estado Español aprobou a Lei 47/2015, do 21-outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, publicada no BOE o 22-outubro-2015. Todo o Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar (REM) vaise regular por esta lei e polas súas disposicións de desenvolvemento, tratando de unificar a regulación existente de prestacións e servizos específicos da propia Seguridade Social e dos Convenios internacionais.

### iii. Varios Real Decretos de interese

Dentro dos Real Decretos aprobados, destacamos os seguintes:

1-RD 357/2015, do 8-maio, sobre cumprimento e control da aplicación do Convenio sobre o Traballo Marítimo 2006, da Organización Internacional do Traballo, en buques españoles, publicado no BOE do 19-maio-2015.

2-RD 418/2015, do 29-maio, polo que se regula a primeira venta dos produtos pesqueiros, publicado no BOE do 23-xuño.

3-RD 706/2015, do 24-xullo, polo que se modifica o RD 877/2011, sobre regras e estándares comúns para as organizacións de inspección e recoñecemento de buques e para as actividades correspondentes da Administración marítima, publicada no BOE 11-agosto.

4-RD 1173/2015, do 29-décembro, de desenvolvemento do FEMP (Fondo Europeo Marítimo da Pesca) no relativo ás axudas á paralización definitiva e temporal da actividade pesqueira, publicado no BOE do 30-décembro-2015

...

### iv. Varias Ordenes de interese

Dentro das Ordenes aprobadas, destacamos as seguintes:

1-Orde ESS/2542/2014, do 5-décembro, que establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións á dotación dos botiquíns dos que deberán ir provistos os buques, publicado no BOE do 6-xaneiro-2015.

2-Ordes FOM, 882/2015 e 2258/2015, pola que se actualizan as condicións técnicas que regulan os requisitos dos equipos mariños a ser embarcados en buques, en aplicación da Directiva 98/85/CE.

3-Orde PRE/1613/2015, do 23-xullo, pola que se actualizan cinco cualificacións profesionais da familia profesional Marítimo Pesqueira, recollidas no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais establecidas nos RD 295/2004 e RD 1087/2005.

4-Orde AAA/1655/2015, do 27-xullo, pola que se convocan para o exercicio 2015, axudas ó desguace de buques pesqueiros destinados á paralización definitiva da súa actividade pesqueira, así como para as medidas socioeconómicas de acompañamento, das flotas afectadas polo plan de axuste do esforzo pesqueiro da merluza norte, merluza sur e cigala, e atún roxo, publicada no BOE do 6-agosto-2015.

5-Orde AAA/2210/2015, do 16-outubro, pola que se modifican diversas órdenes en materia pesqueira para adaptalas ó novo marco regulatorio da Política Pesqueira Común, publicada no BOE do 23-outubro.

6-Como adianto do 2016 destaca a Orde AAA/496 do 4-abril, sobre eleccións na Federación Nacional de Confrarías, publicada no BOE do 8-abril-2016.

...

### v. Varias Resolucións da Secretaría General de Pesca

Ademáis das Resolucións necesarias para a execución da Orde que regula o Plan de xestión dos buques do Cantábrico e Noroeste, destacamos as seguintes:

1-Resolución do 26-febreiro, que publica o listado de denominacións comerciais de especies pesqueiras e da acuicultura admitidas en España, publicada no BOE do 12-marzo.

2-Resolución do 6-marzo, pola que se publican os prezos de activación para o ano 2015 do mecanismo de almacenamento previsto na Organización Común de Mercados no sector dos produtos da pesca e acuicultura, publicada no BOE do 18-marzo.

...

## **c. ADMINISTRACIÓN GALEGA**

A Xunta de Galicia a través da Consellería do Mar é quen aproba a normativa que regula o marisqueo e a actividade pesqueira nas augas interiores da CCAA. En primeiro lugar, destacamos os PLANS DE EXPLOTACIÓN de diversas especies, especialmente:

### **i. Plan xeral de explotación marisqueira**

Tódolos anos se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira antes do inicio do ano natural. O do 2015 foi aprobado o 22-decembro-2014 e publicado no DOG do 31-12-2014, sufrindo unha modificación de erros mediante a Orde do 19-novembro-2015 e unha corrección de erros o 13-xaneiro-2015. O seu obxecto é aprobar as normas que regulan a actividade marisqueira incluíndo o resumo dos plans de explotación, os plans de recursos específicos, as normas no libre marisqueo ou os períodos autorizados para a extracción dos crustáceos non suxeitos a plans de explotación. Regula tamén a recolección das algas.

### **ii. Plan xestión pesca polbo con nasas**

Para o ano 2015 o Plan experimental para a xestión da pesca do polbo (*Octopus vulgaris*) con nasas foi aprobado mediante Resolución do 4-maio-2015, publicada no DOG o 3 de xuño de 2015. Respecto de anos anteriores e ó igual que no 2014, Galicia dividiuse en 3 zonas: zona A (litoral atlántico oeste, dende A Guarda ata Pedra do Sal en Caión), zona B (litoral atlántico norte, dende Pedra do Sal en Caión ata a Illa de San Vicente) e zona C (litoral cantábrico, dende a Illa de San Vicente ata o río Eo), mantendo distintos números de nasas e réxime de calamento para cada zona.

### **iii. Plan xestión centola e boi**

O 2014 incluíronse conxuntamente ambos crustáceos no mesmo Plan. Como anos anteriores existe un calendario de veda diferente para cada provincia. No ano 2015 foi aprobado mediante Resolución do 5 de xuño de 2015 e publicada no DOG o 25-xuño-2015.

### **iv. Plan xestión nasa nécora e camarón**

A principios do ano 2014 existía un plan experimental con cambio de horario de traballo da nasa nécora e camarón aprobado por Resolución da Consellería do Mar do 27-xaneiro-2014. Logo do debate coas Confrarías, aprobouse un Plan experimental mediante unha Resolución o 30-xuño-2014. O plan para 2015-2017 foi aprobado mediante resolución do 11-xuño-2015 e publicado no DOG o 7-xullo-2015.

### **v. Outros plans de explotación**

A Consellería do Mar aprobou, igual que outros anos anteriores, diferentes Plans experimentais e de pesca para a xestión doutras especies de interese nas nosas rías:

- plan para a explotación dos poliquetos en Galicia,
- plans de pesca da anguía para as confrarías das rías de Vigo, Arousa e Ferrol,
- plan de pesca de patexo, patulate e conguito da CCAA de Galicia,
- plan experimental de pesca con trasmallos para as confrarías de Arousa e Vigo,
- plan experimental de captura de bolo vivo coa arte do boliche en augas Galicia.
- explotación do berberecho birollo en parques de cultivo mariño en Galicia
- ...

Tamén é importante destacar OUTRA NORMATIVA aprobada pola Xunta de Galicia:



#### **vi. Orde investimentos a bordo de buques pesqueiros**

A Orde do 30-decembro-2014 establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas aos investimentos a bordo de buques pesqueiros, selectividade e rendemento enerxético, cofinanciadas nun 75 % co Fondo Europeo de Pesca (FEP), e convoca axudas para 2015, tramitada como anticipada de gasto.

#### **vii. Orde axudas de carácter socioeconómico**

A Orde do 30-decembro-2014 establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas de carácter socioeconómico cofinanciadas nun 75 % co Fondo Europeo de Pesca (FEP) e se establece a súa convocatoria para o ano 2015, tramitada como anticipada de gasto.

A Orde do 8-setembro-2015 convoca para o ano 2015, en réxime de concorrencia competitiva, a concesión de axudas de carácter socioeconómico da prima non renovable, cofinanciadas nun 75 % co Fondo Europeo de Pesca (FEP).

#### **viii. Orde axudas á paralización definitiva**

A Orde do 30-decembro-2014 establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros, cofinanciadas nun 75 % co Fondo Europeo de Pesca, e se convocan para o exercicio 2015, tramitada como anticipada de gasto. Outra Orde aprobada o mesmo día e nas mesmas condicións, recolle as axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros aprobados polo Plan de xestión integral da pesca de baixura.

#### **ix. Orde axudas a produtores moluscos**

A Orde do 27-xullo-2015 establece as bases reguladoras para a concesión de axudas con carácter compensatorio aos produtores de moluscos pola suspensión temporal da colleita de moluscos cultivados durante o período de programación 2007-2013, cofinanciadas co Fondo Europeo da Pesca nun 75 %, e se convoca para o exercicio 2015.

#### **x. Orde axudas a proxectos colectivos de acondicionamento mariño**

Destacamos a Resolución do 1-outubro-2015, da Secretaría Xeral do Mar, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30-decembro 2014 pola que se establece a convocatoria para o ano 2015 e se particulariza o seu importe global máximo, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos de acondicionamento mariño e rexeneración, financiados polo Fondo Europeo de Pesca (FEP), que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción e que contribúan de forma sustentable a mellorar a xestión e conservación dos recursos mariños vivos, tramitada como anticipado de gasto.

#### **xi. Lei 13/2015, que modificou o cap V da Lei 9/1993 de Confrarías**

A Lei 13/2015, do 24-decembro, de medidas fiscais e administrativas engadiu un novo artigo á Lei 9/1993, do 8-xullo, de Confrarías de Pescadores de Galicia, no que se refire á intervención administrativa dos órganos de goberno das Confrarías.

#### **xii. Rexeitamento do Anteprojecto de Lei de Acuicultura**

Por último, destacamos o Anteprojecto de Lei de Acuicultura de Galicia, que foi rexeitado de forma maioritaria polo sector pesqueiro galego. Este documento foi recibido na Federación Galega o 23-outubro para a súa consulta pública.

Posteriormente, organizouse unha Asemblea informativa o 10-novembro, na que o Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnoloxía presentou o anteproxecto e contestou ás primeiras dúbidas sobre o anteproxecto de lei.

A FG acordou a constitución dun grupo de traballo para o estudo do farragoso anteproxecto, que concluiu no “documento base de alegacións ó anteproxecto de lei”, que foi remitido pola FG ás Confrarías de Pescadores e finalmente presentado o 15-decembro como “alegacións á proposta da Consellería do Mar”.

Por último, a tramitación deste anteproxecto de lei foi un dos principais motivos, xunto a outros graves problemas da pesca galega, da convocatoria e celebración dunha “manifestación en defensa do sector do mar”, que se celebrou en Santiago o 27-febreiro-2016 e que contou cun grande éxito de participación, contándose cuns 30.000 asistentes.

Esa mesma semana e dada a enorme repercusión do asunto, a Xunta de Galicia a través da Consellería do Mar retirou o seu anteproxecto de lei.

...

#### **d. NORMATIVA APROBADA A INSTANCIA DA FED. GALEGA (PLAN do XEITO)**

A Federación Galega, xunto ás confrarías máis representativas das embarcacións co arte do XEITO elaborou por primeira vez no 2015 o “Plan de Xestión da Sardiña co arte do XEITO”, que foi aprobado posteriormente pola Xunta de Galicia. Dito plan consistía na adopción de medidas de xestión e de control para as capturas e desembarque das 200 Tn reservadas pola SEGEPESCA segundo o previsto na Resolución do 9-xaneiro-2015.

A vixencia do plan é anual cunha veda de dous meses (novembro e decembro) e onde se fixo unha proposta de topes máximos de capturas mensuais para distribuílas 200 Tn entre todo o ano. Tamén se preveu a constitución dunha “Comisión de seguimento” que foi a encargada de revisar o ritmo de capturas ó longo do ano.

A distribución das 200 Tn para o ano foi da seguinte forma:

-1º trimestre (xaneiro a marzo) ...	10 Tn para o trimestre
-meses de abril, maio e outubro ...	10 Tn x mes
-meses de xuño e setembro ...	30 Tn x mes
-meses de xullo e agosto ...	50 Tn x mes

## II. INFORME de XESTIÓNS ADMINISTRATIVAS da FG.

O segundo bloque do informe consiste na enumeración das xestións de carácter administrativo que realiza a Federación Galega ó longo de todo o ano. Vamos a dividir esta parte en 4: a actividade administrativa; as reunións e os principais acordos dos órganos de goberno; outras reunións nas que participa a FG; e o procedemento electoral do 2014.

### a. A ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA.

A actividade administrativa que desenvolve diariamente o persoal da Federación Galega presentámola en varios apartados a fin de dar conta deste amplo traballo:

#### i. Circulares e Información a Confrarías. Cadro explicativo.

Unha das tarefas fundamentais da Federación Galega é a de manter INFORMACIÓN continua ás Confrarías de Pescadores. A comunicación é practicamente diaria, con remisión de circulares informativas. Como exemplo deste traballo, no ano 2014 remitíronse 206 e no ano 2015 foron 189 circulares só desde a FG e outras 91 compartidas con OPAGA.

A continuación expoñemos o listado co tema de cada circular:

CIRCULARES 2014	TEMAS
1/2015	PLAN XERAL DE EXPLOTACIÓN MARISQUEIRA e ORDE PLANS EXPLOTACIÓN POLIQUETOS
2/2015	PLAN PESCA PATEXO, PATULATE E CONGUITO
3/2015	ORDE BASES REGULADORAS AXUDAS BOTIQUÍNS
4/2015	INSTRUCCIÓNS AUTORIZACIÓNS PESCA OUTRAS CC.AA.
5/2015	PUBLICACIÓN AXUDAS SOCIOECONÓMICAS 2015
6/2015	PUBLICACIÓN AXUDAS PARALIZACIÓN DEFINITIVA BAIXURA
7/2015	PUBLICACIÓN AXUDAS PARALIZACIÓN DEFINITIVA
8/2015	BORRADOR ORDE REGULACIÓN EMBARCACIÓNS AUXILIARES PERCEBE
9/2015	ORDE AXUDAS PROXECTOS COLECTIVOS 2015
10/2015	RELACIÓN BUQUES INCLÚIDOS NO PLAN RECUPERACIÓN MERLUZA SUR
11/2015	PLAN ANGUÍA RÍA AROUSA
12/2015	PLAN ANGUÍA RÍA VIGO
13/2015	PECHE AGUJA BLANCA E AGUJA AZUL
14/2015	CENSO PROVISIONAL EMBARCACIÓNS OS MIÑARZOS
15/2015	POSIBILIDADES PESCA INDIVIDUAIS E COTAS ARRASTRE DE FONDO 2015
16/2015	RESOLUCIÓN MODIFICACIÓN LISTADO PORTOS DESEMBARQUE + 10 TN
17/2015	ORDE AXUDAS PROXECTOS COLECTIVOS DE ACONDICIONAMENTO E REXENERACIÓN
18/2015	REUNIÓN RACÚ
19/2015	REUNIÓN MEXILLA PERCEBE
20/2015	PECHE RAPE RASCO 1º TRIMESTRE
21/2015	REAPERTURA RAPE RASCO 1º TRIMESTRE
22/2015	PECHE GALLO OUTRAS MODALIDADES CNW 1º TRIMESTRE
23/2015	ACORDOS DA ASEMBLEA CONFRARIAS RACÚ
24/2015	ACORDOS DA ASEMBLEA CONFRARIAS PERCEBE
25/2015	BORRADOR BUQUES E COTAS MERLUZA VOLANTA
26/2015	PLAN DE PESCA ANGUÍA RÍAS AROUSA E VIGO
27/2015	AUTORIZACIÓN CERCO ACORDO DO MIÑO 2º BIMESTRE

28/2015	CENSO BUQUES PALANGRE FONDO MERLUZA
29/2015	SOLICITUDE AUTORIZACIÓNS CERCO AUGAS PORTUGAL 2º TRIMESTRE
30/2015	SOLICITUDE AUTORIZACIÓNS CERCO ZONAS CIEM 2º TRIMESTRE
31/2015	PROHIBICIÓN PESCA ALFONSINO
32/2015	RESOLUCIÓN DENOMINACIÓNS COMERCIAIS SPP. PESCA E ACUICULTURA
33/2015	CAMPAÑA TÚNIDOS 2015
34/2015	REGULAMENTO SANCIONADOR EN AUGAS EXTERIORES
35/2015	PROPOSTA NORMAS SEGURIDADE RECURSOS MARIÑOS – BUCEO
36/2015	ESTADO ESFORZO PESQUEIRO 2014 MERLUZA SUR
37/2015	PLAN PESCA ANGUÍA RÍA FERROL
38/2015	CENSO ALTURA, GRAN ALTURA E PALANGRE
39/2015	AUTORIZACIÓNS CERCO ZONAS CIEM 2º TRIMESTRE
40/2015	AUTORIZACIÓNS CERCO AUGAS PORTUGAL 2º TRIMESTRE
41/2015	AXUDAS BOTIQUÍNS 2014
42/2015	MODIFICACIÓN REG. (UE) 2015/104 POSIBILIDADES DE PESCA
43/2015	COMUNICACIÓN DELEGACIÓN GOBERNO E PORTOS TEMA ROUBOS
44/2015	MODIFICACIÓN CÓDIGO PENAL
45/2015	SOLICITUDE AUTORIZACIÓNS CERCO ACORDO MIÑO 3º BIMESTRE
46/2015	PROXECTO R.D. FEMP AXUDAS PARALIZACIÓN DEFINITIVA E TEMPORAL
47/2014	CENSO E COTAS MERLUZA SUR VOLANTA
48/2015	PECHE BROSMIO V, VI, VII
49/2015	NORMAS GARDA PESCAS
50/2015	CENSO DEFINITIVO RESERVA OS MIÑARZOS
51/2015	ESCRITO A SEGEPESEA TEMA RAIA MOSAICA
52/2015	MODIFICACIÓN AUTORIZACIÓNS CERCO AUGAS PORTUGAL 2º TRIMESTRE
53/2015	AUTORIZACIÓNS CERCO PARA ACORDO DO MIÑO 3º BIMESTRE
54/2015	REUNIÓN RASCOS MADRID
55/2015	PECHE CARBONERO
56/2015	PLAN TRASMALLOS RÍA PONTEVEDRA 2015-2017
57/2015	ACORDOS COMITÉ EXECUTIVO F.G.
58/2015	POSTA EN MARCHA DO PLAN DE ACCIÓN DO MARISQUEO
59/2015	RESOLUCIÓN MODIFICACIÓN LISTADO PORTOS DESEMBARQUE + 10 TN
60/2015	PECHE LENGUADO VIII A, VIII B
61/2015	COTAS ADAPTADAS VOLANTA 2015
62/2015	COTAS ADAPTADAS PALANGRE DE FONDO 2015
63/2015	REGULAMENTO 812/2015 RELATIVO Á OBRIGA DE DESEMBARQUE
64/2015	POSTA EN MARCHA PLAN ACCIÓN MARISQUEO (Vilaboa)
65/2015	POSTA EN MARCHA PLAN ACCIÓN MARISQUEO
66/2015	PECHE RAPE
67/2015	REAPERTURA RAPE
68/2015	PLAN XESTIÓN CENTOLA-BOI 2015-2016
69/2015	SOLICITUDE AUTORIZACIÓNS CERCO ACORDO DO MIÑO 4º BIMESTRE
70/2015	SOLICITUDE AUTORIZACIÓNS CERCO ZONAS CIEM 3º TRIMESTRE
71/2015	PROXECTO ORDE MODIFICA ORDE ZONAS C
72/2015	PLAN ACCIÓN MARISQUEO – DATOS ASISTENCIAS TÉCNICAS
73/2015	CONVOCATORIA PM e AT – GLM1
74/2015	RESOLUCIÓN MODIFICACIÓN ORDE PORTOS SPP. AUGAS PROFUNDAS
75/2015	INSTRUCCIÓN IDENTIFICACIÓN NASAS POLBO E NÉCORA CAMARÓN
76/2015	INVITACIÓN INTECMAR
77/2015	PECHE PRECAUTORIO RAIAS (ZONAS VIII, IX – SRX89C)
78/2015	CONVOCATORIA PM e AT – GLM3
79/2015	MODIFICACIÓN REG. (UE) 2015/104 POSIBILIDADES DE PESCA
80/2015	AUTORIZACIÓNS CERCO ZONAS CIEM 3º TRIMESTRE
81/2015	PROXECTO ORDE CAPTURA E DESEMBARQUE PELÁXICOS
82/2015	CONVOCATORIA PM e AT – GLM2
83/2015	AUTORIZACIÓNS CERCO AUGAS PORTUGAL 3º TRIMESTRE
84/2015	AUTORIZACIÓNS CERCO ACORDO MIÑO – Xullo-Agosto

85/2015	PLAN EXPLOTACIÓN BOLICHE
86/2015	PROXECTO ORDE PLAN XESTIÓN CNW 2015
87/2015	PROXECTO R.D. FEMP AXUDAS PARALIZACIÓN DEFINITIVA E TEMPORAL
88/2015	ESCRITO A SEGEPESCA REPARTO COTA ADICIONAL ANCHOA IX
89/2015	R.D. 519 MODIFICA 36/2014 TÍTULOS PROFESIONAIS SECTOR PESQUEIRO
90/2015	VEDA CHOCO RÍA PONTEVEDRA
91/2015	PROXECTO ORDE RECURSOS ESPECÍFICOS
92/2015	VEDA CHOCO RÍA VIGO
93/2015	OBRIGA CONFRARIAS CONTAS ANUAIS
94/2015	INFORME MÉTODO QUÍMICO INTECMAR
95/2015	REG. (UE) 1315 ASIGNACIÓN DÍAS MAR ESPAÑA
96/2015	ORDES D.O.G.
97/2015	SOLICITUDE AUTORIZACIÓNS CERCO ACORDO MIÑO 5º BIMESTRE
98/2015	ORDE AXUDAS BUQUES PARALIZACIÓN DEFINITIVA ESFORZO PESQUEIRO
99/2015	REPARTO GASTOS CONFLICTO POLBO 2013
100/2015	ORDE MODIFICACIÓN AXUDAS PARALIZACIÓN DEFINITIVA
101/2015	ORDE MODIFICACIÓN AXUDAS PARALIZACIÓN DEFINITIVA BAIXURA
102/2015	PLAN ACCIÓN MARISQUEO – DATOS ASISTENCIAS TÉCNICAS
103/2015	PLAN ACCIÓN MARISQUEO –CONCELLOS
104/2015	PECHE BESUGO
105/2015	PECHE ANCHOA ANE-08
106/2015	CONVOCATORIA GLF-CONCELLOS-ZONA 1
106B/2015	CONVOCATORIA GLF-PM e GARDA CIVIL ZONA 1
107/2015	CONVOCATORIA GLF-CONCELLOS-ZONA 2
107B/2015	CONVOCATORIA GLF-PM e GARDA CIVIL ZONA 2
108/2015	CONVOCATORIA GLF-CONCELLOS-ZONA 3
108B/2015	CONVOCATORIA GLF-PM e GARDA CIVIL ZONA 3
109/2015	CONVOCATORIA GLF2 PONTEVEDRA-CONCELLOS
109B/2015	CONVOCATORIA GLF2 PONTEVEDRA-PM e GARDA CIVIL
110/2015	CONVOCATORIA GLF5 PORTO DO SON-CONCELLOS
110B/2015	CONVOCATORIA GLF5 PORTO DO SON-PM e GARDA CIVIL
111/2015	SOLICITUDE AUTORIZACIÓNS CERCO ZONAS CIEM 4º TRIMESTRE
112/2015	SOLICITUDE AUTORIZACIÓNS CERCO ACORDO MIÑO 6º BIMESTRE
113/2015	CONVOCATORIA GLF3 VILAXOÁN-CONCELLOS
113B/2015	CONVOCATORIA GLF3 VILAXOÁN-PM e GARDA CIVIL
114/2015	CONVOCATORIA GLA1 MARXE SUR RÍA VIGO-CONCELLOS
114B/2015	CONVOCATORIA GLA1 MARXE SUR RÍA VIGO-PM e AT
115/2015	CONVOCATORIA GLF6 MUXÍA-CONCELLOS
115B/2015	CONVOCATORIA GLF6 MUXÍA-PM e GARDA CIVIL
116/2015	CONVOCATORIA GLA9 GOLFO ÁRTABRO-CONCELLOS
116B/2015	CONVOCATORIA GLA9 GOLFO ÁRTABRO-PM e AT
117/2015	CONVOCATORIA GLF8 FERROL-CONCELLOS
117B/2015	CONVOCATORIA GLF8 FERROL-PM e GARDA CIVIL
118/2015	SOLICITUDE AUTORIZACIÓNS CERCO AUGAS PORTUGAL 4º TRIMESTRE
119/2015	VISITA A INTECMAR
120/2015	CONVOCATORIA GLF7 A CORUÑA-CONCELLOS
120B/2015	CONVOCATORIA GLF7 A CORUÑA-PM e GARDA CIVIL
121/2015	CONVOCATORIA GLA8 COSTA DA MORTE-CONCELLOS
121B/2015	CONVOCATORIA GLA8 COSTA DA MORTE-PM e AT
122/2015	CONVOCATORIA AXUDAS SOCIOECONÓMICAS
123/2015	CONVOCATORIA GLA10 RÍA SADA-CONCELLOS
123B/2015	CONVOCATORIA GLA10 RÍA SADA-PM e AT
124/2015	INFORME ESCRITOS REMITIDOS A SEGEPESCA
125/2015	CONVOCATORIA GLA2 MARXE NORTE RÍA VIGO-CONCELLOS
125B/2015	CONVOCATORIA GLA2 MARXE NORTE RÍA VIGO-PM e AT
126/2015	COMUNICADO MOBILIZACIÓN VOLANTA
127/2015	CONVOCATORIA GLA13 A MARIÑA-CONCELLOS

127B/2015	CONVOCATORIA GLA13 A MARIÑA-PM e AT
128/2015	CONVOCATORIA GLA5 NORTE RÍA AROUSA-CONCELLOS
128B/2015	CONVOCATORIA GLA5 NORTE RÍA AROUSA-PM e AT
129/2015	INFORMACIÓN CONSULTA CERCO
130/2015	CONVOCATORIA GLA6 RÍA MUROS-NOIA-CONCELLOS
130B/2015	CONVOCATORIA GLA6 RÍA MUROS-NOIA-PM e AT
131/2015	AUTORIZACIÓNS CERCO ZONAS CIEM 4º TRIMESTRE
132/2015	AUTORIZACIÓNS CERCO AUGAS PORTUGAL 4º TRIMESTRE
